

## Programa municipal de conciliación de Verán 2023

Departamento de Educación do concello de Santiago ten previsto a realización dun programa de conciliación laboral e familiar no período das vacacións de verán. Este programa comprende un conxunto de actividades, a desenvolver en instalacións dos CEIP Quiroga Palacios e Monte dos Postes, destinadas á poboación escolarizada en educación Infantil e Primaria do municipio de Santiago.

Este programa concíbese como un espazo educativo, de promoción do ocio e o tempo de lecer, ademais dun recurso para a conciliación familiar e laboral no tempo de vacacións.

### **CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA:**

**Destinatarios:** Nenos e nenas empadroados o Concello de Santiago de Compostela ou que cursen estudos en centros de educación infantil e primaria de Santiago de Compostela, entre o 2º Ciclo de Educación Infantil e o 3º Ciclo de Educación Primaria (ambos os dous inclusive) con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos.

As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria cumprindo os seguintes requisitos:

- Facer constar a súa condición na epígrafe que figura no impreso de solicitude.
- Que no certificado de recoñecemento de discapacidade non se recolla a necesidade de axuda de terceira persoa.
- Ter capacidade de integración nun grupo e que as súas limitacións e/ou necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van a desenvolver.

**Datas de realización e modalidades de participación:** O programa de conciliación realizarase no período de vacacións de verán 2023: mes de xuño (días 22, 23, 26, 27, 28, 29, 30), mes de xullo (agás sábados, domingos e festivos), mes de agosto (agás sábados, domingos e festivos) e setembro (días 1, 4,5, 6, 7 e 8). Os días definitivos están suxeitos á aprobación do calendario escolar pola Xunta de Galicia e a conseguinte variación nos días non lectivos de setembro. Este programa comprende un conxunto de actividades, a desenvolver en instalacións de dous CEIP do Concello de Santiago, destinadas á poboación empadroada ou escolarizada en educación Infantil e Primaria do municipio de Santiago.

As persoas usuarias poderán escoller as distintas modalidades establecidas nas seguintes quendas:

QUENDAS	DATAS	TOTAL DÍAS
1ª QUENDA	Do 22 de xuño ao 30 de xuño do 2023 (22, 23, 26, 27, 28, 29, 30).	7
2ª QUENDA	Do 3 ao 14 de xullo do 2023 (3, 4, 5, 6, 7, 10, 11, 12, 13, 14).	10
3ª QUENDA	Do 17 ao 28 de xullo do 2023 (17, 18, 19, 20, 21, 24, 26, 27, 28).	9
4ª QUENDA	Do 31 de xullo ao 11 de agosto do 2023 (31, 1, 2, 3, 4, 7, 8, 9, 10, 11).	10
5ª QUENDA	Do 14 ao 1 de setembro do 2023 (14, 16, 17, 18, 21, 22, 23, 24, 25, 28, 29, 30, 31, 1).	14
6ª QUENDA	Do 4 ao 8 de setembro do 2023 (4, 5, 6, 7, 8).	5 aprox

*(\*\*) dependendo do inicio do curso escolar (que a data de hoxe non está publicado pola Xunta de Galicia), a quenda de setembro durará ata o comezo das aulas lectivas 2023-24*

### **A forma de participación dos interesados será:**

Mediante a presentación de solicitude para cada unha das seis quendas designadas.

O horario será de 9:00 a 14:00 horas; ofrécese a posibilidade de que as familias poidan solicitar ademais un servizo de madrugadores con almorzo (de 7:45 a 9:00 horas) e un servizo de comedor (de 14:00 a 16:00 horas).

### **Horarios e servizos do programa**

O programa inclúe a realización de actividades e obradoiros, ademais de poñer a disposición dos nenos e nenas participantes un servizo de madrugadores con almorzo (de 7,45 a 9,00 horas) e de comedor (de 14,00 a 16,00 horas).

*Modalidades e horarios para as persoas usuarias:*

SERVIZO	HORARIOS
Modalidade completa (madrugadores con almorzo, comedor e actividades)	De 7,45 ás 16,00 h
Modalidade madrugadores con almorzo e actividades	De 7,45 ás 14,00 h.
Modalidade comedor e actividades	De 9,00 ás 16,00 h.
Modalidade só actividades	De 9,00 ás 14,00 h.

*Secuencia horaria do programa:*

7:45 - 9:00 h.	Madrugadores con almorzo. Actividades lúdicas e grupais.
9:00 - 9:30 h.	Recepción participantes.
9:30 - 11:00 h.	Obradoiros artísticos, plásticos, saídas e xogos grupais.
11:00 - 11:30 h.	Descanso.
11:30 - 13:30 h.	Obradoiros artísticos, plásticos, saídas e xogos grupais.
13:30 - 14:00 h.	Recollida e despedida.
14:00 - 16:00 h.	Comedor

*Servizos:*

- De 7,45 a 9,00 h.: Servizo de Madrugadores (aula matinal), con almorzo.
- De 9,00 ás 14,00 h.: Obradoiros e Actividades.
- De 14,00 ás 16,00 h.: Servizo de Comedor.

## **OBXECTIVOS**

### **OBXECTIVO XERAL:**

Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral, ofrecendo aos nenos e nenas unha alternativa de lecer e tempo libre, desenvolvendo valores de cooperación, respecto e tolerancia.

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**

- Promover actividades que favorezan o desenvolvemento da creatividade dos participantes.
- Desenvolver a autonomía persoal e a intelixencia emocional dos participantes.
- Dar a coñecer diferentes actividades lúdicas de ocio e tempo libre.
- Fomentar o gusto pola lectura.
- Promover actividades que favorezan a relación entre iguais e a colaboración.
- Fomentar os valores de compañeirismo e a tolerancia a través de actividades de traballo en equipo.

### **TIPO DE ACTIVIDADES:**

No programa combinaranse actividades lúdicas, deportivas, xogos e obradoiros.

## PREZOS PÚBLICOS DO SERVIZO

O Concello de Santiago de Compostela subvencionará o custo do programa para as persoas usuarias conforme ao artigo 44 da Lei de Facendas Locais, polo interese público e social en proporcionar un servizo accesible para as familias de Santiago, que permita alcanzar os obxectivos establecidos para o programa, de acordo coa seguinte táboa de prezos:

PREZO PÚBLICO de cada quenda	CON ALMORZO	CON XANTAR	SÓ ACTIVIDADES	MODALIDADE COMPLETA
Quendas 2ª, 3ª 4ª e 5ª	24 €	28 €	18 €	34 €
Quendas 1ª e 6ª	12 €	14 €	9 €	17 €

## MATRICULACIÓN NO PROGRAMA

Inscripción das persoas usuarias no programa

Abrirase un prazo de inscrición mediante unha convocatoria pública, entre o 15 e o 22 de maio, ambos inclusive.

As solicitudes presentaranse segundo o modelo normalizado, nos prazos establecidos ao efecto, ben por medios electrónicos ou de xeito presencial, no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Se a solicitude se presenta a través da sede electrónica do Concello de Santiago (<https://sede.santiagodecompostela.gal/>) escollarase o trámite "Inscripción nos programas de conciliación do Departamento de Educación" dentro do catálogo de trámites dispoñible.

No caso de existir máis demanda que prazas ofertadas por quendas realizarase un sorteo público para cada unha das quendas e para cada un dos servizos ofertados (obradoiros, almuerzo e xantar, aplicando a fórmula (ALEATORIO.ENTRE (Ax;Ay) no documento onde figura a lista de solicitantes cun número asignado por unidade familiar (agás os nenos e nenas con informe de Servizos Sociais que terán acceso directo). Aquelas familias con Resolución da administración autonómica que acredite o acollemento familiar ou o permiso de convivencia, terán acceso prioritario aos servizos e non se incluírán no sorteo, de ser o caso.

Subsidiariamente, terán prioridade as familias con necesidades de conciliación familiar de carácter laboral, no horario de desenvolvemento dos servizos solicitados, tanto en tempo de traballo como en tránsito.

Procederáse a extraer un número que determina tanto a asignación de prazas como a orde na listaxe de agarda resultante. O resultado da aplicación da fórmula da un número “x” que será o que obteña praza en primeiro lugar e tamén os sucesivos ata completar o número total de prazas ofertadas.

O sorteo, de producirse, será anunciado na páxina web do concello. Os solicitantes deberán estar empadroados no concello de Santiago (que se comprobará de oficio polo concello de Santiago), ou estar matriculados nun centro educativo do municipio de Santiago (neste caso deberán achegar certificación expedida polo centro onde estuda, indicando nome e apelidos do neno/a matriculado e curso).

Será motivo de exclusión non cumprir os requisitos do programa, non entregar a documentación solicitada ou non estar empadroado en Santiago ou escolarizado nun centro educativo do municipio de Santiago, así como non realizar o pagamento dos prezos públicos correspondentes nos prazos sinalados.

Realizado o sorteo, publicarase na web municipal a táboa coas prazas adxudicadas provisionalmente a cada solicitante.

O Departamento de Educación fixará un prazo para o pago e aportación dos xustificantes de pago das autoliquidacións correspondentes ás prazas asignadas a cada familia.

Rematado ese prazo, o Departamento de Educación publicará as listaxes definitivas de prazas asignadas.

Os pagos realizados non se devolverán en ningún caso, agás:

- Que non se chegue a realizar o programa ao non cubrirse un mínimo de prazas, ou por outra continxencia que impida o seu desenvolvemento.
- Por motivo de exclusión ao non cumprir os requisitos que se establecen na convocatoria.
- Que os solicitantes queden excluídos por superar as prazas dispoñibles.

Os solicitantes e participantes no programa aceptan as bases e condicións establecidas no programa.

A prestación do servizo correspondente a este procedemento estará condicionado, en todo caso, polo resultado do proceso de licitación para a prestación do Servizo.

Documentación a presentar polas familias:

- I. Formulario de solicitude cuberto e asinado.
- II. Fotocopia da tarxeta sanitaria ou da compañía aseguradora.
- III. Copia do título de Familia Numerosa (de ser o caso).
- IV. Informe de discapacidade do neno/a, se é o caso.
- V. Certificación expedida polo centro de Santiago onde estuda o neno/a, indicando nome e apelidos e curso (se non está empadroado no concello de Santiago).

- VI. Declaración responsable de atoparse en tempo de traballo ou en tránsito no horario de desenvolvemento do programa, dos proxenitores, titores legais ou persoa que exerza a custodia, de ser o caso.
- VII. Informe de servizos sociais, de ser o caso.
- VIII. Resolución da administración autonómica que acredite o acollemento familiar ou o permiso de convivencia, de ser o caso.
- IX. Documentación acreditativa de familia monoparental (\*), de ser o caso.

Familia monoparental: entenderase por familia monoparental cando forme parte da unidade familiar unha única persoa proxenitora que non conviva con outra coa que manteña unha relación, e sempre que a outra persoa proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento. Neste caso xustificárase cunha denuncia reclamando o pago da manutención do menor.

**Máis información:**

Concello de Santiago. Departamento de Educación  
Edificio CERSIA. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, s/n. San Lázaro  
Tfnos.: 981 554 400/401  
[dptoeducacion@santiagodecompostela.gal](mailto:dptoeducacion@santiagodecompostela.gal); [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)